

**MANIFESTO POLO TRABALLO DECENTE**

“As organizacións que formamos a iniciativa Igrexa polo Traballo Decente (ITD) denunciámos a situación de precariedade laboral que sofren miles de persoas e que hoxe día segue tendo **maioritariamente rostro de muller**”. Reivindicamos un cambio na organización da sociedade onde o centro sexa a persoa e poida ter acceso a un traballo decente que supoña que mulleres e homes traballemos en igualdade, dignidade, liberdade e seguridade.

A ratificación do Convenio e posterior aprobación do Real Decreto-Lei 16/2022 que dá lugar a modificacións de distintas normativas relacionadas co **traballo do fogar**, supuxo un avance no recoñecemento de dereitos, sobre todo na histórica reivindicación do acceso á protección fronte ao desemprego. Pero quedaron fóra outras reivindicacións que suporían unha verdadeira equiparación de dereitos laborais e de seguridade social, fundamentalmente todo o relativo ás condicións particulares que conleva o traballo de interna. Por iso, seguimos reivindicando que se produzan os avances necesarios para que definitivamente consigamos **unha verdadeira equiparación de dereitos** para estas traballadoras, así como o recoñecemento social deste traballo fundamental para a sustentabilidade da vida.

A **brecha salarial** persistente fai que as mulleres cobrasen de media un 18,7% menos que os homes en 2022 (Enquisa Anual de Estrutura Salarial, publicada polo INE o pasado xuño). E ante esta inxustiza, **denunciamos a desigualdade salarial** que mantén ás mulleres en situación de inferioridade e esiximos que se corrixa as desigualdades existentes tanto a nivel salarial como das situacións que as orixinan.

A educación é un factor clave que determina en gran medida non só a empregabilidade da mocidade senón a súa actitude e as condicións de traballo (*Cambios sociais e emprego da mocidade en España: unha mirada cara ao futuro*. Estudo realizado polo INJUVE 2023). No noso labor atopamos unha **especial dificultade de acceso ao mercado laboral de mulleres novas; por iso, pedimos políticas de emprego activas e pasivas vinculadas á educación para o emprego** e dirixidas a reforzar as probabilidades de que as mozas atopen un emprego. A efectiva posta en funcionamento destas medidas terá a súa repercusión no declive demográfico, a porcentaxe de pobreza, a exclusión social e a diversidade en contexto laboral, e a emancipación xuvenil.

A Igrexa por desgraza, non é un espazo exento de loitas. As mulleres que somos Igrexa batallamos desde hai anos polo **recoñecemento sobre o rol que desempeñamos, a igualdade e a dignidade das mulleres nos ambientes eclesiásticos e batallaremos**. “Ata que a igualdade se faga costume na Igrexa” (Revolta de mulleres na Igrexa). Con especial motivo este ano, no que está a ter lugar a fase continental do Sínodo, e onde as dioceses españolas, destacaron o papel da muller na Igrexa, a súa participación plena e en condicións de igualdade como unha das principais prioridades.

Desde o noso traballo e apoio constante cara á igualdade de mulleres e homes en todos os ámbitos da vida, unímonos ao constante chamamento do papa Francisco para poñer fin ás desigualdades das mulleres no mercado laboral, como a menor consideración dos riscos laborais nos traballos altamente feminizados e que traen problemas de saúde, e acabar coa brecha salarial, un “escándalo que os cristiáns deben rexeitar firmemente”, xunto coas consecuencias que todo iso carrega. E que o traballo que as mulleres realizamos sexa socialmente recoñecido e goce das condicións laborais dun traballo decente.